

# XORNADA DE BENVIDA A ESTUDANTES DE DOUTORAMENTO

28 de outubro de 2016

ESCOLA INTERNACIONAL DE  
DOUTORAMENTO DA UDC (EIDUDC)

[www.udc.es/eid](http://www.udc.es/eid)

Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

1. OBXECTIVO DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO: A TESE DE DOUTORAMENTO
2. NORMATIVA DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO
3. ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA EIDUDC



1. **OBXECTIVO DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO: A TESE DE DOUTORAMENTO**
2. **NORMATIVA DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO**
3. **ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA EIDUDC**


# TESE DE DOUTORAMENTO

- \* Traballo orixinal de investigación.
- \* Debe capacitar para o traballo autónomo en I+D+i.
- \* As Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento xunto coa Escola de Doutoramento establecen procedementos de garantía de calidade.

# COMPETENCIAS

- \* Dominio das habilidades e métodos de investigación nun campo de estudio.
- \* Capacidade de concebir, deseñar e poñer en práctica un proceso de investigación.
- \* Capacidade de realizar unha análise crítica e de avaliación.
- \* Capacidade de comunicación coas comunidades académica e científica e coa sociedade en xeral.
- \* Capacidade de fomentar o avance científico e tecnolóxico nunha sociedade baseada no coñecemento.
- \* Capacidade para traballar en equipo e en contextos internacionais ou multidisciplinares.

# OCUPACIÓN DE DOUTORES/AS POR SECTORES



IPSFL: Instituciones privadas sin fines de lucro

(INE, 2009)



1. OBXECTIVO DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO: A TESE DE DOUTORAMENTO
2. **NORMATIVA DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO**
3. ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA EIDUDC



# LEXISLACIÓN PREVIA

## \* RD 185/1985:

- 32 créditos (12 investigadores) + suficiencia investigadora

## \* RD 778/1998:

- 20 créditos de cursos + DEA

## \* RD 56/2005: POP (Programa Oficial de Posgrao)

- Master (substituto cursos doutoramento) + doutoramento (período de investigación)

## \* RD 1393/2007:

- Master (traballo FM obrigatorio, con defensa pública)
- Doutoramento: investigación (+ complementos formativos)



# LEXISLACIÓN VIXENTE

- \* **RD 99/2011 de estudos de doutoramento**
  - \* Entrada en vigor: Febreiro de 2011
- \* **RD 195/2016 (introduce modificacións ao anterior)**
  - \* Entrada en vigor: Junio de 2016
- \* **Regulamento Estudos Doutoramento UDC (REDUDC)**
  - \* Aprobado polo Consello de Goberno da UDC do 17 de xullo de 2012
- \* **Acordos da EIDUDC**
  - \* Comisión Permanente da EIDUDC
  - \* Comité de Dirección da EIDUDC
- \* Ver máis en <http://www.udc.gal/eid/normativa/>

# ACCESO AO DOUTORAMENTO (I)

- \* Grao + Máster
- \* Título universitario: +300 ECTS (mínimo: 60 ECTS de Máster)
- \* Grado de 300 ECTS sen máster:
  - \* Con obrigación de cursar complementos de formación de 15 ECTS, excepto se o grao inclúe créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de máster.
- \* Formación de 2 anos en especialidades de Ciencias da Saúde: require a avaliación positiva.
- \* Título estranxeiro de nivel equivalente (incluso non homologado)
- \* Título de Doutor/a
- \* Estudantes procedentes de plans anteriores

## ACCESO AO DOUTORAMENTO (II)

- \* Licenciados, arquitectos ou enxeñeiros (títulos españois ou homologados) que estean en posesión do **DEA** ou alcanzasen a **suficiencia investigadora**.
- \* Licenciados, arquitectos ou enxeñeiros en posesión dun título de **máster oficial** conforme ao RD 56/2005 ou o RD 1393/2007, modificado polo RD 861/2010, ou superasen **60 ECTS** de estudos de máster oficial.
- \* Diplomados, enxeñeiros técnicos ou arquitectos técnicos que acrediten **300 créditos ECTS** en estudos universitarios oficiais, dos cales **polo menos 60** deben ser de **nivel de mestrado**.
- \* Titulación oficial española organizada en 2 ciclos (1º e 2º) que, de acordo co REDUDC (modificado en febreiro de 2014), sexa **equivalente a un mínimo de 300 ECTS**: considérase que **60 ECTS do 2º ciclo** son de **nivel de mestrado**.
- \* Título universitario oficial equivalente ao **nivel 3** do **MECES** (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior), de acordo co procedemento establecido no RD 967/2014 (**modificación introducida polo RD 195/2016**).

# ADMISIÓN NUN PROGRAMA

- \* **Requisitos específicos** do programa de doutoramento:
  - \* Perfil de ingreso
  - \* Expediente académico
  - \* Outros
- \* **Complementos específicos de formación**
  - \* Máximo: 15 ECTS
  - \* Materias de Grao e Máster
  - \* A superar en tres cuatrimestres consecutivos tras a matrícula
  - \* Non se poden incluír no Documento de Actividades

# MATRÍCULA

## \* **Matriculación anual obrigatoria:**

- De non realizala, causará **baixa no programa**, salvo nos casos previstos de baixa temporal no programa.

## \* **Matrícula a tempo total e a tempo parcial**

- Condición de matrícula a tempo parcial: outorgada pola CAPD, se se cumpre algún dos requisitos do artigo 23 do REDUDC:
  - *carácter **laboral**.*
  - *carácter **familiar** ou **persoal** (dependencia, coidado de persoas maiores ou fillos discapacitados, familia numerosa con fillos en idade escolar, situacións de violencia de xénero).*
  - ***discapacidade superior ao 33%**.*

## \* **Simultaneidade** con outros estudos: **en revisión**



# ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO

## \* Escolas de Doutoramento:

- Organización da oferta global de estudos de doutoramento.
- **UDC:** Escola Internacional de Doutoramento (**EIDUDC**)

## \* Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD):

- Organización académica de cada programa.
- **Titores/as e Directores/as de tese**



# TITORES/AS E DIRECTORES/AS DE TESE

## \* Titores/as:

- \* Profesorado do programa (**vinculación permanente** coa universidade e/ou entidade colaboradora no PD).

## \* Directores/as:

- \* **Requisitos** director/a: doutor/a, español/a ou estranxeiro/a, con **experiencia investigadora acreditada** (ver artigo 10 do REDUDC), con independencia da universidade, centro ou institución en que preste os seus servizos.

Se cumpre requisitos para director/a e titor/a, asume **ambas funcións**.

# SEGUIMIENTO DOS ESTUDANTES (I)

- \* **Asignación de titor/a:** no momento de **admisión definitiva** do/da doutorando/a nun PD.
- \* **Compromiso de supervisión:** sinatura no prazo máximo de **1 mes** despois da matrícula:
  - \* Asinado inicialmente por unha representación específica designada pola universidade, titor e doutorando/a.
  - \* A sinatura do/a director/a incorporarase no momento da súa designación.
  - \* Modelo en: [www.udc.gal/eid/impresos/](http://www.udc.gal/eid/impresos/)
- \* **Nomeamento do director/a:** **tras 3 meses máximo** despois da matrícula:

Si cumpre requisitos para ser director/a e titor/a, asume **ambas funcións**.

# SEGUIMIENTO DOS ESTUDANTES (II)

- \* **Plan de Investigación:** Tras 6 meses máximo despois da matrícula:
  - \* Doutorando/a: presenta o **Plan de Investigación** a través da Secretaría Virtual do Estudiante.
  - \* Director/a e/ou titor/a: informa sobre o Plan de Investigación.
  - \* CAPD: **aprobación** do Plan de Investigación (se procede).
- \* **Documento de Actividades:** rexistro individualizado para cada estudante coas actividades realizadas no período de tese (cursos, seminarios, asistencia a congresos, estancias...):
  - \* Doutorando/a: introduce periódicamente as actividades a través da Secretaría Virtual do Estudiante engadindo a documentación acreditativa.
  - \* Director/a: valora os méritos introducidos.
  - \* CAPD: valida (se procede) o Documento de Actividades.

# SEGUIMIENTO DOS ESTUDANTES (III)

- \* **Avaliación anual** dos estudos de doutoramento:
  - \* Rematado o curso académico, a CAPD avalía para cada doutorando/a:
    - \* Plan de Investigación
    - \* Documento de actividades (a partir do 2º curso, inclusive)
  - \* A CAPD disporá dos **informes** do titor/a e o director/a.
  - \* **Avaliación anual positiva** requisito indispensable para continuar no programa:
    - \* No caso de **avaliación negativa**, o/a doutorando/a deberá ser de novo avaliado no prazo de 6 meses, para o cal elaborará un novo plan de investigación.
    - \* No suposto de producirse unha **nova avaliación negativa**, causará baixa definitiva no programa.

# DURACIÓN DO DOUTORAMENTO

- \* **Duración mínima:** 18 meses desde a admisión nun programa (tanto a tempo completo como a tempo parcial).
  - \* Alumnado procedente de **regulacións anteriores:** computa o período de tutela académico previo, sempre que se manteña o mesmo proxecto de tese.
- \* **Duración máxima:**
  - \* Tempo completo: 3 anos + 1 ano (prórroga) + 1 ano excepcional.
  - \* Tempo parcial: 5 anos + 2 anos (prórroga) + 1 ano excepcional.
- \* **Baixa temporal:** máximo un ano, ampliable ata un ano máis.
  - \* Os períodos de baixa temporal non computan na duración dos estudos de doutoramento.



# CALENDARIO ACADÉMICO 2016-17

[http://www.udc.gal/export/sites/udc/eid/\\_galeria\\_down/xestion\\_academica/Calendario\\_Academico\\_Doutoramento\\_2016-2017\\_gal.pdf](http://www.udc.gal/export/sites/udc/eid/_galeria_down/xestion_academica/Calendario_Academico_Doutoramento_2016-2017_gal.pdf)

ALUMNADO MATRICULADO POR VEZ PRIMEIRA NO CURSO 2016-2017		
1º prazo ordinario	02-30 de novembro de 2016	<b>Compromiso de Supervisión</b> (todas as sinaturas, agás a do/a director/a de tese e o/a director/a da EIDUDC)
	20 de xaneiro de 2017	Data límite para <b>asignación de director/a</b> de tese e para que o/a director/a de tese asine o <b>Compromiso de Supervisión</b> .
	17 de febreiro de 2017	Prazo de envío á EIDUDC do orixinal do <b>Compromiso de Supervisión</b> asinado polo/a director/a de tese.
	17 de marzo de 2017	Data límite de presentación do <b>Plan de Investigación</b> .
	20-31 de marzo de 2017	Aprobación do <b>Plan de Investigación</b> pola Comisión Académica.
2º prazo ordinario	17 de marzo- 18 de abril de 2017	<b>Compromiso de Supervisión</b> (todas as sinaturas, agás a do/a director/a de tese e o/a director/a da EIDUDC).
	15 de xuño de 2017	Data límite para <b>asignación de director/a</b> de tese e para que o/a director/a de tese asine o <b>Compromiso de Supervisión</b> .
	30 de xuño de 2017	Prazo de envío á EIDUDC do orixinal do <b>Compromiso de Supervisión</b> asinado polo/a director/a de tese.
	15 de setembro de 2017	Data límite de presentación do <b>Plan de Investigación</b> .
	18-30 de setembro de 2017	Aprobación do <b>Plan de Investigación</b> pola Comisión Académica.
1º/2º prazo	18-30 de setembro de 2017	<b>AVALIACIÓN ANUAL</b> (só do <b>Plan de Investigación</b> ). O Plan de Investigación e a Avaliación Anual do alumnado do 2º prazo realízase ao mesmo tempo.

Continúa na seguinte diapositiva



**ALUMNADO MATRICULADO POR VEZ PRIMEIRA ANTES DO CURSO 2016-2017**

17 de marzo de 2017	Data límite de <b>modificación do Plan de Investigación e o Documento de Actividades</b> (só para o alumnado con AVALUACIÓN ANUAL negativa).
20-31 de marzo de 2017	<b>AVALIACIÓN ANUAL</b> (só para o alumnado con AVALUACIÓN ANUAL negativa).
15 de setembro de 2017	Prazo de <b>modificación do Plan de Investigación e o Documento de Actividades</b> .
18-30 de setembro de 2017	<b>AVALIACIÓN ANUAL</b> (Plan de Investigación e Documento de Actividades).

**PRÓRROGA DE ESTUDOS DE DOUTORAMENTO (CUARTO ANO)**

xuño-agosto de 2016	<b>Solicitud</b> de prórroga (a través da Secretaría Virtual de estudantes).
xuño-15 de setembro de 2016	<b>Informe do director/a de tese</b> (a través da Secretaría Virtual do PDI).
18-30 de setembro de 2016	<b>Resolución</b> da CAPD.

**RENOVACIÓN DA COMISIÓN ACADÉMICA DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO**

15 de xuño-15 de xullo de 2016	Prazo para que a Comisión comunique á EIDUDC os cambios na súa composición.
--------------------------------	---

**ACTUALIZACIÓN DO PROFESORADO DUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO**

01-30 de setembro de 2016	Prazo para que a Comisión Académica comunique á EIDUDC as incorporacións e/ou baixas de <b>profesorado do programa</b> para a <b>actualización en Xescampus</b> .
---------------------------	---

**PLAN DE INVESTIGACIÓN:** poderase modificar durante todo o ano, excepto nos períodos de AVALIACIÓN ANUAL.

**AVALIACIÓN ANUAL:**

- **Alumnado matriculado por primeira vez no curso 2016-2017.**
  - Comprende só a avaliación do *Plan de Investigación*.
  - Faise conxuntamente para o alumnado matriculado no 1º e 2º prazo ordinario de matrícula.
- **Alumnado matriculado por primeira vez antes do curso 2016-2017.**
  - Comprende a avaliación do *Plan de Investigación* e do *Documento de Actividades* (previamente á valoración da CAPD, o/a titor/a ou o/a director/a da tese, a través da aplicación na Secretaría Virtual do Profesorado, debe validar as actividades incluídas no Documento de Actividades).

# DEPÓSITO DA TESE (I)

## a) Para todos os casos (I):

- \* Solicitud de depósito da tese (na UADI á que está adscrito o programa de doutoramento).
- \* Informe favorable do/a director/a (ou directores) e, se é o caso, do/a titor/a.
- \* Acordo para a defensa da tese:
  - \* Programas regulados por RD 1393/2007 e RD 99/2011: acordo da CAPD.
- \* Exemplares da tese:
  - \* 1 exemplar en formato papel.
  - \* 1 exemplar en formato dixital (pdf).
  - \* Declaración de que a copia electrónica da tese é copia fidedigna da copia da tese en papel.

# DEPÓSITO DA TESE (II)

## a) Para todos os casos (II):

- \* Proposta do Tribunal pola CAPD (Art. 36 do REDUDC):
  - \* **6 doutores/as** (3 titulares e 3 suplentes), con experiencia investigadora acreditada.
  - \* **Maioría de membros externos** á UDC, ás institucións colaboradoras e ao profesorado do programa.
  - \* **Non pode haber máis dun membro** da mesma institución.
  - \* Composición **paritaria** (cada sexo deberá ter unha representación mínima do 33%), salvo en casos xustificados (tamén para a proposta de membros suplentes).
  - \* **Secretario/a do tribunal**: preferentemente, profesor/a da UDC.
    - \* De non ser da UDC, a CAPD deberá xustificar o motivo e indicar a persoa responsable dos trámites administrativos posteriores á defensa da tese.

## DEPÓSITO DA TESE (III)

### a) Para todos os casos (III):

- \* Informes de idoneidade dos membros do tribunal.
- \* Aceptación expresa de cada membro proposto.

### b) Programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011

(Art. 34 do REDUDC), adicionalmente:

- \* Documento de Actividades do/a Doutorando/a actualizado.
- \* Plan de investigación (informes de directores/as e, se é o caso, do/a titor/a).

### c) Redacción e defensa da tese nunha lingua distinta de galego, castelán, portugués e inglés (Art. 33 do REDUDC):

- \* Informe favorable para a defensa da tese nunha lingua distinta de galego, castelán, portugués e inglés.
- \* A tese debe conter un resumo de polo menos 3.000 palabras en galego ou en castelán.



## DEPÓSITO DA TESE (IV)

### d) **Solicitud de Mención Internacional**, adicionalmente:

- \* Autorización previa para realizar a/as estancia/s no estranxeiro: 3 meses mínimo (poden resultar da suma de varias estancias).
- \* Documentación orixinal acreditativa da/s estancia/s.
- \* Informes de dous expertos doutores de algunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.

### e) **Tese por compendio de artigos** de investigación, adicionalmente:

- \* Informe do Director/a da tese coa aprobación da CAPD / Departamento / Instituto.
- \* Aceptación dos coautores/as doutores/as de que o doutorando/a presente o traballo como parte da tese.
- \* Aceptación dos coautores/as non doutores/as de que o doutorando/a presente o/s traballo/s como parte da tese, e renuncia dos mesmos a presentar eses traballo/s como parte doutra tese.

# DOUTORANDOS DE PROGRAMAS EN EXTINCIÓN

- \* **Alumnado de programas do RD 1393/2007:** no curso 2016-2017 só poden estar matriculados nestes programas os estudantes que se matricularon por primeira vez nun programa do RD 1393/2007 nos cursos 2011-2012 e 2012-2013.
- \* **Prazos límite** para o depósito e a defensa da tese
  - \* Data límite para o depósito de tese: **30 abril 2017**
  - \* Data límite de defensa da tese: **30 de setembro de 2017**



# DEFENSA E AVALIACIÓN DA TESE (I)

- \* Admítese o desenvolvemento e a defensa da tese nos **idiomas** habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento
- \* **Documento de Actividades** do Doutorando/a:
  - \* Considerado polo tribunal como parte da avaliación cualitativa
- \* **Cualificación da tese**: "Non Apto", "Aprobado", "Notable" ou "Sobresaliente".
  - \* **Mención "Cum Laude"**: se a cualificación é "Sobresaliente", e esta mención é emitida por unanimidade mediante **voto secreto** escrutado nunha sesión distinta á de defensa de tese.
  - \* **Premio extraordinario**: só para teses con mención "Cum Laude"

# DEFENSA E AVALIACIÓN DA TESE (II)

- \* Requisitos **Mención Doutor/a Internacional** (substitúe a “Doutor/a Europeo”):
  - \* **Idioma**. Parte da tese, polo menos o resumo e as conclusións, redactarase e será presentada nunha das linguas habituais para a comunicación científica no seu campo de coñecemento, distinta a calquera das linguas oficiais en España (non aplicable cando estadias, informes e expertos/as procedan dun país de fala hispana).
  - \* Mínimo de **2 informes externos** de expertos/as doutores/as dunha institución de educación superior ou instituto de investigación non española.
  - \* **Estadía** mínima de **3 meses** fóra de España, no período de tese, nunha institución de ensino superior ou centro de investigación de prestixio.
  - \* **Tribunal** composto **cando menos por un/unha experto/a** co título de doutor/a pertencente a unha institución de ensinanza superior ou centro de investigación de prestixio **non español**, e distinto do/a responsable da estadía (tanto na comisión titular como na suplente).

# PUBLICACIÓN DA TESE NO REPOSITORIO INSTITUCIONAL DA UDC

## \* Compromiso de Supervisión, sección XIII "Consulta e publicación da tese de doutoramento":

- \* Unha vez superada a defensa da tese de doutoramento, esta será publicada no Repositorio Institucional da UDC (RUC). A Oficina de Doutoramento envía unha copia en formato electrónico ao Servizo de Bibliotecas da UDC.
- \* Para non proceder á publicación da tese no RUC, por razóns entre outras de confidencialidade con empresas ou protección de dereitos de propiedade industrial e industrial:
  - \* **Solicitud previa** ante a Comisión Permanente da EIDUDC, xunto cos documentos de **depósito de tese**.

# PRINCIPAIS NOVEDADES RD 195/2016

## \* TESE EN RÉXIME DE COTUTELA

- \* Limita o réxime de cotutela a teses con dirección conxunta por investigadores/as da UDC e **doutra universidade ou organismo de investigación estranxeiro**.
- \* *No anverso do título de Doutor/a farase constar unha dilixencia co texto: "Tese en réxime de cotutela coa Universidade de..."*

## \* MENCIÓN DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

## \* SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO DE DOUTOR



# MENCIÓN DOUTORAMENTO INDUSTRIAL

- *Contrato laboral ou mercantil co estudante por unha empresa privada ou pública, ou por unha Administración Pública.*
- *O estudante deberá participar nun proxecto de investigación que se desenvolva na empresa ou Administración Pública na que se preste o servizo, que non poderá ser unha Universidade.*
- *Se a investigación se executa en colaboración entre a Universidade e a empresa ou Administración Pública na que preste servizo o estudante, subscribírase un convenio de colaboración marco entre as partes.*
- *O estudante terá un/unha titor/a de tese designado/a pola Universidade e un/unha responsable designado/a pola empresa ou Administración Pública, que poderá ser Director/a da tese.*



# SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO DE DOUTOR/A

- O **suplemento europeo ao título de Doutor/a** é o documento que acompaña ao título de doutor/a, con información unificada, personalizada para cada titulado/a universitario/a, sobre o programa seguido, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no sistema nacional de Educación Superior.
- O **suplemento europeo** expedirase de acordo co modelo establecido no anexo I do RD 195/2016.

1. OBXECTIVO DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO: A TESE DE DOUTORAMENTO
2. NORMATIVA DOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO
3. **ESTUDOS DE DOUTORAMENTO NA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO DA UDC**

# ORGANIZACIÓN DA EIDUDC

## \* Órganos de Goberno:

- \* Comité de Dirección
- \* Comisión Permanente
- \* Comité Asesor Internacional
- \* Equipo Directivo da EIDUDC:

- \* Director/a da EIDUDC ([direccion.eid@udc.es](mailto:direccion.eid@udc.es))
- \* Secretario/a da EIDUDC ([secretario.eid@udc.es](mailto:secretario.eid@udc.es))

## \* Xestión administrativa:

- \* Oficina de Doutoramento (Sección de Estudos de Doutoramento; Terceiro Ciclo)
  - \* Pavillón de Estudantes, Campus de Elviña.
  - \* [oficina.doutoramento@udc.es](mailto:oficina.doutoramento@udc.es), [terciclo@udc.es](mailto:terciclo@udc.es)

## \* Representantes estudantes de doutoramento:

- \* [representantes.doutoamento@udc.es](mailto:representantes.doutoamento@udc.es)

# ORGANIZACIÓN DOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

- \* **Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD):**
  - **Coordinador/a:** 2 sexenios + 2 teses dirixidas
  - **Secretario/a e vogais:** 1 sexenio
- \* **UADI (Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación):**
  - xestión administrativa do programa de doutoramento

# PROGRAMAS DA EIDUDC

- \* **Programas verificados segundo RD99/2011: 35 programas**
  - \* Interuniversitarios: 22 programas
  - \* Coordinados pola UDC: 16 programas (3 interuniversitarios)
- \* **Programas de doutoramento en 5 áreas temáticas:**
  - \* Ciencias: 9 programas
  - \* Ciencias da Saúde: 4 programas
  - \* Ciencias Sociais e Xurídicas: 7 programas
  - \* Enxeñería e Arquitectura: 10 programas
  - \* Artes e Humanidades: 5 programas
- \* **En fase de verificación: 1 programa** (Programa de Doutoramento en Edificación, interuniversitario)
  - \* Implantación no curso 2017-2018.



## DOUTORANDOS/AS NA UDC

Curso	Programas en extinción	Programas RD 99/2011	Total
2013-2014	1159	285	1444
2014-2015	923	558	1481
2015-2016	269	887	1156
2016-2017*	165	955	1120

## TESES DEFENDIDAS NA UDC

Ano	Nº total	Nº mención cum laude	Nº mención internacional
2012	107	99 (93%)	15 (14%)
2013	129	104 (81%)	30 (23%)
2014	114	99 (87%)	30 (26%)
2015	224	190 (85%)	60 (27%)
2016*	131	117 (89%)	30 (23%)

\* Fonte: Oficina de Doutoramento. Actualización: 27 de outubro de 2016

# FORMACIÓN (I)

**Plan de Apoio ao Doutoramento e á Investigación** (en colaboración co CUFIE). <http://www.udc.gal/cufie/UFA/PAI/cronograma.html>

- \* Análise de datos con SPSS: nivel inicial
- \* Análise de datos con SPSS: nivel medio
- \* Análise de datos cualitativos apoiado por ATLAS.ti 7 (nivel inicial)
- \* Elaboración e presentación de currículum vitae en inglés
- \* Ética da investigación en ciencias biolóxicas, biomédicas, sociais e da conduta
- \* *Guideline to writing a scientific manuscript*
- \* Iniciación a MatLab e as súas aplicacións
- \* Introducción á prevención de riscos laborais
- \* Metodoloxía de investigación básica e aplicada
- \* **Oratoria**
- \* Planificación e xestión da investigación. Transferencia de resultados
- \* **Redacción académica: planificación e desenvolvemento de traballos de investigación**
- \* **Técnicas de exposición oral para a defensa de traballos e teses doutorais**

# FORMACIÓN (II)

**Gradschools:** Formación en **competencias** para  
estudiantes de doutoramento

(Oferta formativa da EIDUDC en colaboración coa Fundación Barrié).

\* Edición 2016: realizada entre 18-21 outubro

**Actividades formativas de cada Programa de Doutoramento:**  
cursos, seminarios, conferencias, etc.)

## FORMACIÓN (III)

\***Foro Xuventude en Movemento:** organizado pola Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

\*Edición 2016, 9 novembro de 2016

\*Programa:

<http://xuventudeenmovemento.eu/programa-2016/>

# AXUDAS PREDOUTORAIS

## \* Axudas para estancias predoutorais no estranxeiro Inditex-UDC.

- Estancia mínima de 3 meses.
- **Mención internacional** ao título de doutor.
- Convocatorias realizadas:
  - Ano 2013 - nº de axudas concedidas: 12
  - Ano 2014 - nº de axudas concedidas: 37
  - Ano 2015 – nº de axudas concedidas: 31
  - Ano 2016 – nº de axudas concedidas: 29
- Próxima convocatoria:
  - Prevista para o primeiro trimestre de 2017.



# FONTES DE INFORMACIÓN

**Web da EIDUDC:** <http://www.udc.gal/eid/> [gl/es/en](#)

- \* Organización e contacto
- \* Programas (oferta e información de programas de doutoramento...):
  - **Portal de títulos:** <http://www.udc.gal/ensino/doutoramento>
- \* Admisión, matrícula e xestión académica (calendarios, trámites...)
- \* Normativa (RD 99/2011, REDUDC, acordos de CP e CD da EIDUDC).
- \* Teses de Doutoramento: Trámites para o depósito e defensa da tese.
- \* Consulta de teses:
  - Estado da tramitación da tese para a súa defensa.
  - Últimas teses defendidas
  - Catálogo de teses de doutoramento (RUC, TESEO)
- \* Premios extraordinarios
- \* Axudas predoutorais (Axudas de estadías predoutorais Inditex-UDC, ...)
- \* Formación (Plan de apoio a doutoramento e investigación, GRADschools...)
- \* Actualidade (Data da próxima reunión da Comisión Permanente...)
- \* Preguntas frecuentes.

**Correo electrónico:** envío á lista global de doutorandos/as.